

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/12/2018 13:07:47

**SAIDA 16585/18**

Sr. alcaldesa-presidenta do Concello de Moaña  
As Barxas, 2  
36950 Moaña (Pontevedra)

Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED],  
e [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 00124/2018**

Correo electrónico [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación de [REDACTED]  
[REDACTED], e [REDACTED], mediante escrito do 31 de outubro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación de [REDACTED] e [REDACTED], presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 31 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude dirixida ao Concello de Moaña, de que se lle facilite vista e copia dos documentos obrantes nos Expedientes de aprobación e, no seu caso, modificación do Proxecto de compensación e do proxecto de urbanización do Polígono II do Plan de sectorización "a Xunqueira A-2", de Moaña.

O reclamante solicitou que se lle facilitara vista e copia dos documentos con data do 5 de setembro de 2018, sen ter obtido resposta.

O escrito viña acompañado de copia de escritura de poder pola que [REDACTED]  
[REDACTED], e [REDACTED] outorgan poder en favor de [REDACTED], e copia das solicitudes presentadas ante o Concello de Moaña.

**Segundo.** Con data do 8 de novembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Moaña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de novembro de 2018, sen que se recibise copia do expediente e o informe solicitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto. Análise do expediente**

O recurso substitutivo presentado ante a Comisión da Transparencia polo ██████ en representación de ██████ e ██████ deriva da falta de resposta por parte do Concello de Moaña á súa solicitude de que se lle facilite vista e copia dos documentos obrantes nos Expedientes de aprobación e, no seu caso, modificación do Proxecto de compensación e do proxecto de urbanización do Polígono II do Plan de sectorización "a Xunqueira A-2", de Moaña.

Trátase por tanto de información que está en poder da Administración e que foi elaborada no exercicio das súas funcións, polo que procede a estimación do presente recurso, por ter o solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma.

O Concello de Moaña non resolveu a solicitude de acceso á información do ██████ en nome dos seus representados, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, o Concello de Moaña non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbraleslle a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED], e [REDACTED] contra a denegación por silencio administrativo, de se lle facilite vista e copia dos documentos obrantes nos Expedientes de aprobación e, no seu caso, modificación do Proxecto de compensación e do proxecto de urbanización do Polígono II do Plan de sectorización "a Xunqueira A-2", de Moaña.


**Segundo:** Instar ao Concello de Moaña a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada mediante a remisión da mesma ou mediante a indicación do enlace electrónico concreto de acceso á dita información, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Moaña a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co previsto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga